



A C T A

En Arzúa, a 28 de xuño de 2017.

Sendo as 10.00 horas, no Salón de Comisións da Casa do Concello, reunense os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará o **exercicio de carácter práctico** do proceso de selección polo sistema de oposición, convocado para poder seleccionar á persoa que desempeñará o posto de traballo de **Técnico en turismo**, na modalidade de **funcionario interino**, para realizar as funcións previstas na Base Segunda das que rixen a oposición, cunha xornada laboral de trinta e sete horas e media semanais, durante un período de tempo de catro meses; e iso, de conformidade coas Bases aprobadas por decreto do alcalde, ditado o día 5 de maio de 2017.

Asisten a este acto os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

- Presidente: D. Luis Fole Barrio (*Arquitecto técnico do concello de Arzúa*).
- Vogais:
 - Dª. Begoña Feijoo Juaros (*Profesora de inglés no Instituto de Educación Secundaria de Arzúa*).
 - Dª María José Diz Alvarez (*Profesora de francés no Instituto de Educación Secundaria de Arzúa*).
 - D. Joaquim Vázquez Rodríguez (*Técnico de normalización lingüística do concello de Melide*).
 - Dª. Ana Vallo Camba (*Axente de emprego e desenvolvimento local do concello de Boimorto*).
- Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*Secretario do concello de Arzúa*), que actuara con voz pero sen voto.

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 17 nº 2, da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-, o presidente procedeu a declarar constituída dita Comisión, co obxecto de levar a cabo a realización do segundo exercicio dos dous de que consta a oposición, cuxo exercicio consistirá en realizar un suposto práctico, directamente relacionado coas funcións propias do posto de traballo e co temario que figura no Anexo I das Bases que rixen a oposición.

Para o cal, polos membros da Comisión Seleccionadora, acordouse que dito exercicio tivese dúas partes diferenciadas:

* Unha, que sería cualificada cun máximo de 6 puntos, e que consistiría en marcar de xeito apróximo nun plano a situación duns puntos de interese dentro do núcleo urbano de Arzúa:

1. Recinto feiral
2. Piscina municipal
3. Centro de saúde
4. Biblioteca municipal
5. Oficina de turismo
6. Albergue público.

(De cuxo plano se achega unha fotocopia á presente acta, coa indicación no mesmo de cales serían as respostas correctas).

* Outra, que sería cualificada cun máximo de 14 puntos, e que consistiría en resolver o seguinte caso práctico, referido a unha situación de información a un peregrino:

1. Indicación de tres espazos naturais que alberga o Concello de Arzúa e explicación de cómo chegar.

2. Aspectos relevantes a destacar relativos ao Camiño de Santiago ao seu paso polo Concello de Arzúa.

3. Distancia que separa Arzúa de Santiago de Compostela e percorrido total do camiño ao longo do Concello de Arzúa.

4. Aspectos relevantes da gastronomía.

5. Museos de interese no Concello de Arzúa.

6. Dentro da arquitectura relixiosa indicar algunha igrexa ou capela de interese.

7. Dentro do patrimonio arqueolóxico e histórico que destacaría.

Despois procedeuse a chamar aos dous aspirantes que compareceron a realizar este exercicio práctico, polo mesmo orde que o da súa presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, os cales cando entraron no Salón de Comisións, pasaron a ocupar o asiento que había disponible para dito fin, xunto á mesa alí existente.

Comprobándose que non compareceu a aspirante Patricia Merino Mouriño.

Unha vez realizados os exercicios por parte dos dous aspirantes, dentro do prazo asignado para iso de corente e cinco minutos, a Comisión Seleccionadora procedeu seguidamente a súa cualificación en base aos criterios que adoptara previamente, outorgando as seguintes puntuacións:

N.º rexistro entrada	Nome e apelidos	Exercicio práctico		Total
		Primeira parte	Segunda parte	
1587	María García Pérez	6	13	19
1675	Pablo Cervantes Casanova	1	13	14
1770	Patricia Merino Mouriño	NP		

Tras considerar oportuno repasar as puntuacións outorgadas, adoptouse -por unanimidade dos membros da Comisión Seleccionadora- os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada un dos dous aspirantes presentados, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello unha copia da acta estendida desta reunión, para que os interesados poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste segundo exercicio, de carácter práctico, de que constaba a oposición convocada; cuxas puntuacións resultaron ser superiores á mínima de 10 puntos para non quedar eliminadas.

Segundo.- Facer saber aos dous restantes aspirantes que superaron o exercicio de carácter práctico realizado no día de hoxe, que -ao acreditar que estaban en posesión do Celga 3 ou equivalente- estarían exentos de realizar o terceiro exercicio da oposición, sobre coñecemento do idioma galego; obtendo en dito exercicio a puntuación máxima de 2,5 puntos cada un deles, por vir así previsto para tales casos na Base 10ª das que rixen o proceso de selección.

Terceiro.- Concretar que a puntuación final, obtida por cada aspirante neste proceso de selección, virá determinada pola suma das puntuacións obtidas no exercicio teórico, no exercicio práctico e no exercicio sobre coñecemento do idioma gelego; polo que, despois de realizadas esas sumas, as puntuacións obtidas polos dous aspirantes que superaron o proceso de selección serán as seguintes:

	Nome e apelidos	Ex. teórico	Ex. práctico	Galego	TOTAL
1º	María García Pérez	21	19	2,5	42,50
2º	Pablo Cervantes Casanova	19,5	14	2,5	36

Cuarto.- Formular ao alcalde a proposta de nomeamento como funcionario interino, para desenvolver o posto de traballo de técnico de turismo, a favor da aspirante que obtivo a maior puntuación, que resultou ser **María García Pérez**; co obxecto de realizar as funciós previstas na Base 2ª das que rixen o proceso de selección.

Quinto.- Concretar que, para o suposto de que a aspirante proposta como técnico en turismo, non poidese acreditar -dentro dos tres días previstos na Base 12ª- os requisitos necesarios para realizar o seu nomeamento, ou renunciase a ser nomeada funcionaria interina; a proposta de nomeamento agora realizada se traslade a favor da seguinte ou seguintes aspirantes, pola orde de puntuación total obtida.

Sexto.- Dispor a súa publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello dun exemplar da presente acta:

- a) Para coñecemento dos interesados, e aos efectos de reclamacións ou de calquera outro posible acto impugnatorio, e
- b) Para determinar o inicio do cómputo do prazo de tres días hábiles (a partir do seguinte ao da publicación desta acta), co obxecto de que a aspirante proposta poida presentar a documentación esixida na Base 12ª das que rixen a oposición.

Co cal se dá por rematado o acto ás 11. 40 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscrita polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal dou fe.

MARCAR DE XEITO APRÓXIMADO A SITUACIÓN
DOS SEGUINTE PUNTOS DE INTERESE DENTRO
DO NÚCLEO URBANO DE ARZUA
(marcar sobre o plano co nº de cada un dos puntos indicados)

- 1.- RECINTO FEIRAL
- 2.- PISCINA MUNICIPAL
- 3.- CENTRRO DE SAÚDE
- 4.- BIBLIOTECA MUNICIPAL
- 5.- OFICINA DE TURISMO
- 6.- ALBERGUE PÚBLICO



